

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na *Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos*, realizarase proximamente neste Centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o órgano de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:


- A Directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai, nai ou titor/a legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o *artigo 30 do Decreto 93/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto)*. Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo día 29, venres, ás 12:00 horas.

Aqueles membros da Comunidade Educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Cangas, 26 de outubro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO



Carla Garín Ibáñez

